

RECOMENDACIÓNS PARA O PERIODO DE SUSPENSIÓN DAS ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS

Dende o equipo de educación Infantil facemos as seguintes recomendacións de actividades relacionadas con contidos curriculares (autonomía, aproximación a lecto-escritura, habilidades lóxico-matemáticas...) en situacións contextualizadas e significativas da vida cotiá.

Propoñemos tarefas como:

- RECEITAS:

Contar alimentos (patacas, verduras..), contar os ovos para a tortilla, cantos nos faltan para chegar o número...

Bater, mesturar, empanar, amasar...

Pesar, medir aceite, fariña (por exemplo no biscoito de iogur coa medida do vaso de iogur), axudar a facer galletas...

- AUTONOMÍA:

Espirse e vestirse.

Favorecer que se baixen a roupa para ir o baño.

Fomentar que coman e beban sós e ben sentados.

Darlles alimentos sólidos.

Encargarlles pequenos recados, por ex: ir a buscar as zapatillas...

- PEQUENAS TAREFAS DOMÉSTICAS:

Axudar a varrer espazos, limpar o po...

Emparellar os calcetíns, contar pezas de roupa dunha mesma cor, dobrar pantalóns, toallas...

Axudar a facer a lista da compra, enumerar as cousas que se compran, axudar a gardalas clasificándoas.

Poñer a mesa, recollela, gardar a louza (culleres e garfos), os irmás maiores poden poñer o lavavaixelas.

Coidar a mascota e as plantas.

- XOGOS:

Tipo veo veo, Simón dice...

Xogos lingüísticos como adiviñas, rimas, cancións, inventar contos e historias, ler contos, rematar as cancións dicindo a última sílaba, palabras encadeadas, o teléfono estropeado...

Favorecer o xogo libre e simbólico, a creatividade, xogos o aire libre, saltar a comba, mariola...

Facer quebracabezas, xogos de mesa (baralla, oca, parchís, dominó...

Debuxar, recortar, picar, facer manualidades, facer colares de series de cores, de pastas; plastilina (facer bolas, churros, letras, números...).

- OUTROS:

Buscar formas xeométricas nos obxectos da casa.

Ordear xoguetes por tamaños, formas, cores...

Contar os escalóns da casa, cantos faltan por subir...

Repasar os conceptos básicos: subir, baixar, enriba, debaixo, adiante, detrás...

Ver os cambios que se producen na natureza.

É importante que neste período se manteñan hábitos, normas e rutinas. A nosa proposta é de actividades de xogo, gozo e diversión que nos permiten compartir tempo con eles. Evitando deste xeito o uso excesivo de pantallas.

Quedarán a vosa disposición no centro actividades impresas para quen de xeito voluntario as queira realizar.

Atentamente o Equipo de Educación Infantil

